



31 Ourense Film Festival

25 setembro / 4 outubro 2026





31 Ourense
Film Festival

Terra do Ariel

UNHA VIAXE ENTRE REINOS

EXPOSICIÓN

Centro Cultural Marcos Valcárcel • do 17 de setembro ao 1 de novembro

luarada

INICIATIVA

CONSEJO

GOBIERNO

1906

ABANCA

CAIXA

EN

GOBIERNO

GOBIERNO

GOBIERNO

GOBIERNO

6 Gala de Inauguración	IN	55 Ciclo Amal en ruta / Cine árabe	EL
7 Gala de Clausura	IN	56 The Time That Remains	
		57 This is Gaza	
9 Sección Oficial Internacional	4€	58 Janin, Jenin	
10 Amata		59 Notes on Displacement	
11 Club Kid		60 The Encampments	
12 Dust			
13 La casa de las mujeres		61 Fóra de serie	EL
14 Fjord		62 Las hijas de la criada	
15 Historias paralelas		63 Clínica Miranda	
16 Hold onto me			
17 The Wolf, The Fox and The Leopard		65 Made in OU	EL
18 Terra vil		66 Todo pode esperar	
19 Nuda propiedade		67 Bloque 1	
		68 Bloque 2	
		69 Bloque 3	
21 Sección Oficial Panorama Galicia	4€		
22 Kiro		71 Premios	IN
23 Crías		72 Calpurnia de Honra	
24 Alén dos silencios		73 Premio Especial OUFF	
25 A veces me entra tristeza, otras veces rebelión			
26 Guerrillero		75 Outras actividades	EL
27 Walking Holiday		76 Volver sin Volver	
28 A avó e o amor		77 Tres mujeres, un camino	
29 Sección Oficial Curtametraxes	EL	78 Cine familiar	IN
30 Bloque 1		78 Los guardianes del diente mágico	
33 Bloque 2			
36 Bloque 3			
		IN Invitación	
39 Inédito	4€	EL Entrada Libre	
40 Napoli New York			
41 La conspiración del cuervo		CINES PONTE VELLA	
42 The man I love		Rúa Ribeira Sacra, 50 • 988 510 232	
43 Día de caza		TEATRO PRINCIPAL	
44 Iron Boy		Rúa da Paz, 9 • 988 317 960	
		CINECLUBE PADRE FEIJÓO	
		Rúa do Concello, 11 • 988 210 700	
		AUDITORIO MUNICIPAL	
		Rúa da Canle, 2 • 988 391 290	
45 Agarimo	EL		
46 El crepúsculo de los dioses		Entradas	
47 El gran carnaval		www.ataquilla.com	
48 Testigo de cargo		www.galicine.es	
49 Con faldas y a lo loco			
50 El apartamento		OUFF	
		Centro Cultural Marcos Valcárcel	
51 Colleita	4€	Rúa Progreso, 30	
52 Onte á noite conquistei Tebas		www.ouffestival.gal	
53 Así chegou a noite		 @ouffestival	
54 La silla		 @ouffestival	
		 @ouffestival	
		 @ouffestival	

ITZIAR
ITUÑO

SS/FF

LAS CIEGAS HORMIGAS

(INURRI ITSUAK)

BASEADA EN LA NOVELA DE RAMIRO PINILLA

1. 2. 3. 4. 5. 6. 7. 8. 9. 10. 11. 12. 13. 14. 15. 16. 17. 18. 19. 20. 21. 22. 23. 24. 25. 26. 27. 28. 29. 30. 31. 32. 33. 34. 35. 36. 37. 38. 39. 40. 41. 42. 43. 44. 45. 46. 47. 48. 49. 50. 51. 52. 53. 54. 55. 56. 57. 58. 59. 60. 61. 62. 63. 64. 65. 66. 67. 68. 69. 70. 71. 72. 73. 74. 75. 76. 77. 78. 79. 80. 81. 82. 83. 84. 85. 86. 87. 88. 89. 90. 91. 92. 93. 94. 95. 96. 97. 98. 99. 100. 101. 102. 103. 104. 105. 106. 107. 108. 109. 110. 111. 112. 113. 114. 115. 116. 117. 118. 119. 120. 121. 122. 123. 124. 125. 126. 127. 128. 129. 130. 131. 132. 133. 134. 135. 136. 137. 138. 139. 140. 141. 142. 143. 144. 145. 146. 147. 148. 149. 150. 151. 152. 153. 154. 155. 156. 157. 158. 159. 160. 161. 162. 163. 164. 165. 166. 167. 168. 169. 170. 171. 172. 173. 174. 175. 176. 177. 178. 179. 180. 181. 182. 183. 184. 185. 186. 187. 188. 189. 190. 191. 192. 193. 194. 195. 196. 197. 198. 199. 200. 201. 202. 203. 204. 205. 206. 207. 208. 209. 210. 211. 212. 213. 214. 215. 216. 217. 218. 219. 220. 221. 222. 223. 224. 225. 226. 227. 228. 229. 230. 231. 232. 233. 234. 235. 236. 237. 238. 239. 240. 241. 242. 243. 244. 245. 246. 247. 248. 249. 250. 251. 252. 253. 254. 255. 256. 257. 258. 259. 260. 261. 262. 263. 264. 265. 266. 267. 268. 269. 270. 271. 272. 273. 274. 275. 276. 277. 278. 279. 280. 281. 282. 283. 284. 285. 286. 287. 288. 289. 290. 291. 292. 293. 294. 295. 296. 297. 298. 299. 300. 301. 302. 303. 304. 305. 306. 307. 308. 309. 310. 311. 312. 313. 314. 315. 316. 317. 318. 319. 320. 321. 322. 323. 324. 325. 326. 327. 328. 329. 330. 331. 332. 333. 334. 335. 336. 337. 338. 339. 340. 341. 342. 343. 344. 345. 346. 347. 348. 349. 350. 351. 352. 353. 354. 355. 356. 357. 358. 359. 360. 361. 362. 363. 364. 365. 366. 367. 368. 369. 370. 371. 372. 373. 374. 375. 376. 377. 378. 379. 380. 381. 382. 383. 384. 385. 386. 387. 388. 389. 390. 391. 392. 393. 394. 395. 396. 397. 398. 399. 400. 401. 402. 403. 404. 405. 406. 407. 408. 409. 410. 411. 412. 413. 414. 415. 416. 417. 418. 419. 420. 421. 422. 423. 424. 425. 426. 427. 428. 429. 430. 431. 432. 433. 434. 435. 436. 437. 438. 439. 440. 441. 442. 443. 444. 445. 446. 447. 448. 449. 450. 451. 452. 453. 454. 455. 456. 457. 458. 459. 460. 461. 462. 463. 464. 465. 466. 467. 468. 469. 470. 471. 472. 473. 474. 475. 476. 477. 478. 479. 480. 481. 482. 483. 484. 485. 486. 487. 488. 489. 490. 491. 492. 493. 494. 495. 496. 497. 498. 499. 500. 501. 502. 503. 504. 505. 506. 507. 508. 509. 510. 511. 512. 513. 514. 515. 516. 517. 518. 519. 520. 521. 522. 523. 524. 525. 526. 527. 528. 529. 530. 531. 532. 533. 534. 535. 536. 537. 538. 539. 540. 541. 542. 543. 544. 545. 546. 547. 548. 549. 550. 551. 552. 553. 554. 555. 556. 557. 558. 559. 560. 561. 562. 563. 564. 565. 566. 567. 568. 569. 570. 571. 572. 573. 574. 575. 576. 577. 578. 579. 580. 581. 582. 583. 584. 585. 586. 587. 588. 589. 590. 591. 592. 593. 594. 595. 596. 597. 598. 599. 600. 601. 602. 603. 604. 605. 606. 607. 608. 609. 610. 611. 612. 613. 614. 615. 616. 617. 618. 619. 620. 621. 622. 623. 624. 625. 626. 627. 628. 629. 630. 631. 632. 633. 634. 635. 636. 637. 638. 639. 640. 641. 642. 643. 644. 645. 646. 647. 648. 649. 650. 651. 652. 653. 654. 655. 656. 657. 658. 659. 660. 661. 662. 663. 664. 665. 666. 667. 668. 669. 670. 671. 672. 673. 674. 675. 676. 677. 678. 679. 680. 681. 682. 683. 684. 685. 686. 687. 688. 689. 690. 691. 692. 693. 694. 695. 696. 697. 698. 699. 700. 701. 702. 703. 704. 705. 706. 707. 708. 709. 710. 711. 712. 713. 714. 715. 716. 717. 718. 719. 720. 721. 722. 723. 724. 725. 726. 727. 728. 729. 730. 731. 732. 733. 734. 735. 736. 737. 738. 739. 740. 741. 742. 743. 744. 745. 746. 747. 748. 749. 750. 751. 752. 753. 754. 755. 756. 757. 758. 759. 760. 761. 762. 763. 764. 765. 766. 767. 768. 769. 770. 771. 772. 773. 774. 775. 776. 777. 778. 779. 780. 781. 782. 783. 784. 785. 786. 787. 788. 789. 790. 791. 792. 793. 794. 795. 796. 797. 798. 799. 800. 801. 802. 803. 804. 805. 806. 807. 808. 809. 810. 811. 812. 813. 814. 815. 816. 817. 818. 819. 820. 821. 822. 823. 824. 825. 826. 827. 828. 829. 830. 831. 832. 833. 834. 835. 836. 837. 838. 839. 840.

9 DE OCTUBRE SOLO EN CINES



31 Ourense
Film Festival

Galas

Gala de Inauguración

Estrea en Galicia

9 Auditorio Municipal

🕒 Venres 25 / 9 » 20:00 h



Las ciegas hormigas (Inurri itsuak)

IGOR LEGARRETA / España / 2026 / Ficción / 100 min

Biskaia, 1935. Unha tormenta embarrancou un barco inglés cargado de carbón. Durante a noite, os veciños apiñáronse para rescatar o ouro negro. Para Sabas Jáuregui é unha oportunidade; para Josefa, a súa muller, un mal agoiro. Ignorando as súas súplicas, Sabas arrastra os seus fillos cara ao carbón que podería salvarlos do inverno... ou condenalos para sempre.

Dirección Igor Legarreta

Guión Igor Legarreta, Andoni de Carlos
Intérpretes Urko Olazabal, Itziar Ituño, Josean Bengoetxea, Carlos Santos

**Coa presenza do director,
protagonista e produtor**



El mal hijo

JAIME LORENTE / España / 2026 / Ficción / 106 min

Tras a desaparición do seu pai, Rubén, un rapaz de 11 anos de dobre liñaxe, é acollido pola súa avoa nunha contorna rural. Ao seu carón comprenderá como as feridas familiares se herdán de xeración en xeración. Mentres crece, o rapaz loitará por sandar esas pegadas e descubrir a verdade oculta sobre a figura do seu pai.

Dirección Jaime Lorente **Guión** Jaime Lorente, Salvador S. Molina **Intérpretes** Miguel Ángel Puro, Susi Sánchez, Hugo Arbués, Óscar de la Fuente, Abel de la Fuente, Pedro Vega Fabelo, Naiara Carmona

🕒 **3 / 10 » Coa presenza do director**

75TH ANNIVERSARY

SUNSET

BOULEVARD

A
HOLLYWOOD
STORY

A NEW 4K RESTORATION

PARAMOUNT PRESENTS WILLIAM HOLDEN GLOEIA SWANSON ERICH VON STROHEIM IN "SUNSET BOULEVARD" WITH NANCY OLSON FRED CLARK LLOYD GOUGH
JACK PIERCE AND GERALD B. LENKILLE HEODA HOPPER BUSTER KEATON ANNYA NILSSON H.B. WARDNER FRANK W. WARDNER
PRODUCTION BY CHARLES BRACKETT DIRECTED BY BILLY WILDER WRITTEN BY CHARLES BRACKETT BILLY WILDER AND D.M. MARSHMAN, JR. A PARAMOUNT PICTURE





31 Ourense
Film Festival

Sección Oficial Internacional

Sección Oficial Internacional

Estrea en España

📍 **Galicine** / Sala 6

🕒 Sábado 26 / 9 » 19.30 h

🕒 Luns 28 / 9 » 17.00 h

🕒 Mércores 30 / 9 » 22.00 h

🕒 Xoves 1 / 10 » 19.30 h



Amata

ELISA AMORUSO / Italia / 2025 / Ficción / 96 min

Amata, adaptación da novela de Ilaria Bernardini, conta a historia de dúas mulleres que enfrontan loitas de fertilidade opostas: unha moza, Nunzia, vive un embarazo non planificado mentres debece por días despreocupados, en canto que Maddalena, de corenta e tantos anos, intenta desesperadamente concibir un fillo arriscando mesmo a súa saúde.

Dirección Elisa Amoruso **Guión**

Ilaria Bernardini **Intérpretes**

Miriam Leone, Tecla Insolia,
Stefano Accorsi

Sección Oficial Internacional

Estrea en Galicia

📍 **Galicine** / Sala 6

🕒 Sábado 26 / 9 » 22.00 h

🕒 Luns 28 / 9 » 19.30 h

🕒 Mércores 30 / 9 » 17.00 h

🕒 Venres 2 / 10 » 19.30 h



Club Kid

JORDAN FIRSTMAN / Estados Unidos / 2026 / Ficción / 126 min

Peter, un promotor de festas *underground* de Nueva York afeito aos excesos, á música electrónica e ás noites interminables, ve como o seu mundo pega unha reviravolta cando unha descoñecida aparece na súa porta con Arlo, un neno de 10 anos que afirma ser o seu fillo. Unha situación imposible que axiña dá paso a unha conexión tola, divertida e

tenra, tan inesperada como transformadora.

Dirección Jordan Firstman

Guión Jordan Firstman

Intérpretes Jordan Firstman, Cara Delevingne, Diego Calva

2026 Festival de Cannes

Candidata a *Un Certain Regard*,
Mellor película



Sección Oficial Internacional

Estrea en España

📍 **Galicine** / Sala 8

🕒 **Sábado 26 / 9 » 17.00 h**

🕒 **Luns 28 / 9 » 22.00 h**

🕒 **Mércores 30 / 9 » 19.30 h**

🕒 **Venres 2 / 10 » 17.00 h**



Dust

ANKE BLONDÉ / Bélxica / 2026 / Ficción / 115 min

Na primavera de 1999, os empresarios belgas Luc e Geert descubren que a súa rede de empresas fantasma está a punto de ser exposta na prensa. Convócase unha reunión de urxencia: deben destruír as probas; á mañá seguinte, a policía estará na porta. Tras esta reunión, cada un toma o seu camiño, dando comezo ao seu último día como homes libres en busca de redención.

Dirección Anke Blondé **Guión**

Angelo Tijssens **Intérpretes**

Jan Hammenecker, Arie
Worthalter, Anthony Welsh

2026 Festival de Berlín

Candidata ao Oso de Ouro
Mellor película



Sección Oficial Internacional

Estrea en España

📍 **Galicine** / Sala 8

🕒 Sábado 26 / 9 » 19.30 h

🕒 Luns 28 / 9 » 17.00 h

🕒 Martes 29 / 9 » 22.00 h

🕒 Venres 2 / 10 » 19.30 h



La casa de las mujeres (La maison des Femmes)

MELISA GODET / Francia / 2025 / Ficción / 110min

A doutora Diane Khoury dirixe un centro sanitario único con determinación de ferro e un corazón de ouro. Xunto co seu equipo, proporciñalles atencións esenciais a mulleres que se enfrontan aos desafíos máis difíciles da vida. Pero cando chegan os inspectores do Goberno para auditar as finanzas do centro, Diane loitará sen saber se poderá asegurar o futuro deste.

Dirección Melisa Godet **Guión**

Melisa Godet, Catherine Paillé **Intérpretes** Karin Viard, Eye Haïdara, Laetitia Dosch, Oulaya Amamra

Sección Oficial Internacional

Estrea en Galicia

📍 **Galicine** / Sala 8

🕒 Sábado 26 / 9 » 22.00 h

🕒 Luns 28 / 9 » 19.30 h

🕒 Mércores 30 / 9 » 17.00 h

🕒 Venres 2 / 10 » 22.00 h



Fjord

CRISTIAN MUNGIU / Romanía / 2026 / Ficción / 146 min

Os Gheorghiu, unha parella romanesa-norueguesa moi relixiosa, instálanse nunha aldea onde desenvolven unha estreita relación cos seus veciños, os Halberg. Os seus fillos fanse amigos a pesar das súas diferentes crianzas. Cando a súa filla adolescente, Elia Gheorghiu, aparece na escola con mazaduras, a comunidade pregúntase se a crianza tradicional dos pais terá algo que ver.

Dirección Cristian Mungiu **Guión**

Cristian Mungiu **Intérpretes**

Sebastian Stan, Renate Reinsve, Lisa Loven Kongsli

2026 Festival de Cannes

Palma de Oro

Candidata de Rumanía

Oscar á mellor película internacional 2027



Sección Oficial Internacional

Estrea en España

📍 **Galicine** / Sala 6

🕒 Domingo 27 / 9 » 17.00 h

🕒 Luns 28 / 9 » 22.00 h

🕒 Mércores 30 / 9 » 19.30 h

🕒 Venres 2 / 10 » 22.00 h



Historias paralelas (Parallel Tales)

ASGHAR FARHADI / Francia / 2026 / Ficción / 139 min

Na procura de inspiración para a súa nova novela, Sylvie espía os seus veciños de enfronte. Cando contrata o mozo Adam para que a axude coa súa rutina diaria, non imaxina que el vai pór a súa vida e a súa obra coas patas para arriba, ata que a ficción que imaxinara supera a realidade de todos eles.

Dirección Asghar Farhadi

Guión Asghar Farhadi, Saeed Farhadi **Intérpretes** Isabelle Huppert, Virginia Efira, Vincent Cassel, Pierre Niney, Catherine Deneuve

2026 Festival de Cannes
Candidata á Palma de Oro



Sección Oficial Internacional

Estrea en España

📍 **Galicine** / Sala 6

🕒 Domingo 27 / 9 » 19.30 h

🕒 Martes 29 / 9 » 17.00 h

🕒 Xoves 1 / 10 » 22.00 h

🕒 Venres 2 / 10 » 17.00 h



Hold Onto Me

MYRSINI ARISTIDOU / Chipre / 2026 / Ficción / 102 min

Iris, de once anos, corríca polas rúas coa súa amiga maior, Danae, cando descobre que o seu pai, Aris, con quen non ten relación, volveu á vila para o funeral do seu propio pai. Decidida a reunirse con el, Iris atópao nun estaleiro abandonado. O que comeza como un teimudo intento de reconectar transfórmase devagariño nun vínculo fráxil e imperfecto, mais conmovedor.

Dirección Myrsini Aristidou

Guión Myrsini Aristidou

Intérpretes Hristos Passalis, Maria Petrova, Jenny Sallo

2026 Festival de Sundance

Premio do público



Sección Oficial Internacional

Estrea en España

📍 **Galicine** / Sala 6
🕒 Domingo 27 / 9 » 22.00 h
🕒 Martes 29 / 9 » 19.30 h
🕒 Xoves 1 / 10 » 17.00 h
📍 **Galicine** / Sala 7
🕒 Mércores 30 / 9 » 17.00 h



The Wolf, The Fox and The Leopard

DAVID VERBEEK / Países Baixos / 2025 / Ficción / 124 min

Unha rapaza salvaxe criada por lobos é capturada e introducida na sociedade moderna só para ser rescatada por unha parella radical que a confina nunha plataforma petrolífera abandonada. Pero, a medida que descobre as mentiras dos seus novos «pais», vese obrigada a valerse por si mesma e, en última instancia, a decidir se se integra na sociedade ou regresa á natureza.

Dirección David Verbeek **Guión**

David Verbeek **Intérpretes**

Jessica Reynolds, Naomi Kawase, Nicholas Pinnock, Marie Jung

2025 Tribeca Film

Festival Candidata a

Mellor longametraxe narrativa internacional



Sección Oficial Internacional

Estrea en España

📍 **Galicine** / Sala 8

🕒 Domingo 27 / 9 » 19.30 h

🕒 Martes 29 / 9 » 17.00 h

🕒 Xoves 1 / 10 » 19.30 h

📍 **Galicine** / Sala 7

🕒 Mércores 30 / 9 » 22.00 h



Terra vil

LUÍS CAMPOS / Portugal / 2025 / Ficción / 101 min

Nunha comunidade conmocionada por unha traxedia local, João, de doce anos, e mais o seu pai alcohólico gañan a vida pescando. Non obstante, os efectos do cambio climático no seu negocio, as pantasma do pasado e o comportamento cada vez máis errático do pai ameazan con separalos. Na casa do lado, João coñece

unha familia que podería ser a súa única esperanza para un futuro diferente.

Dirección Luís Campos **Guión** Luís Campos **Intérpretes** Rúben Gomes, Lúcia Muniz, William Cesnek

🕒 27 / 9 » **Coloquio có equipo**

Sección Oficial Internacional

Estrea en Galicia

📍 **Galicine** / Sala 8
Domingo 27 / 9 » 17.00 h
Martes 29 / 9 » 19.30 h
Mércores 30 / 9 » 22.00 h
Xoves 1 / 10 » 17.00 h



Nuda propiedad

ALBERTO UTRERA / España / 2026 / Ficción / 95 min

Vera e Lucas, unha parella de corenta anos, atopa un enorme apartamento á metade de prezo grazas á «nuda propiedade». Cómprano agora, pero Jesús, o ancián propietario, seguirá vivindo alí ata a súa morte. Parecía unha solución milagrosa ata que Jesús desaparece, reaparece cambiado e

deixa de comportarse como alguén nos seus últimos días.

Dirección Alberto Utrera **Guión** Carlos Soria, Alberto Utrera
Intérpretes Susana Abaitua, Maxi Iglesias, David Lorente, Pepe Viyuela, Paco Churruca

🕒 27 / 9 » **Coloquio có equipo**



 FESTIVAL DE CANNES
SÉLECTION OFFICIELLE
COMPÉTITION

**LE
TEMPS
QU'IL RESTE**
THE TIME THAT REMAINS

[illegible]

THE MEDIA PROGRAMME OF THE EUROPEAN COMMUNITY <

UP

inter

 Le Pacte



31 Ourense
Film Festival

Sección Oficial Panorama Galicia

Sección Oficial Panorama Galicia

Estrea en Galicia

📍 Teatro Principal

🕒 Sábado 26 / 9 » 17.00 h

🕒 Martes 29 / 9 » 22.00 h



Kiro

MARÍA YÁÑEZ / España / 2026 / Documental / 92 min

Ana Kiro forxou o seu status de diva popular nos anos 80 e 90 percorrendo verbenas por toda Galicia, vendendo centos de miles de discos e casetes e actuando ante milleiros de persoas en Europa e América Latina. Coas súas cancións en galego sobre a vida cotiá, a morriña, a emigración e a relación coa terra, conectou de maneira especial cun público traballador e rural... *Kiro* é unha celebración da súa figura e da súa especial relación co

público construída a través das voces, lembranzas e reinterpretacións de quen a seguiu, a admirou ou renegou dela.

Dirección María Yáñez **Guión** María Yáñez, Cibrán Tenreiro, María Villamarín, Carlos Prieto
Interven Emilio Pereira, Sés, Carlos Rivero, Carmen Quiroga, Xosé R. Gayoso

🕒 26 / 9 » Coa presenza da directora

Sección Oficial Panorama Galicia

📍 Teatro Principal

🕒 Sábado 26 / 9 » 22.00 h

🕒 Mércores 30 / 9 » 17.00 h



Crías

XIANA DO TEIXEIRO / España / 2026 / Documental / 122 min

No máis baixo dos baixos fondos literarios, esquecidos, malviven os nosos diarios de adolescencia. O documental *Crías* constrúe un arquivo con estes escritos invisibles. Un filme-zine feminista que alquimiza as vergoñas privadas a través de discursos comunais á vez que se reconcilia co proceso de escritura e reescritura da vida, o labor diarístico e o traballo creativo.

Dirección Xiana do Teixeiro

Guión Xiana do Teixeiro

Intervenien Begoña Méndez, Gelen Jeleton, Marta Nieto, Tania Berta Judith, Xiana do Teixeiro

2026 Festival Play-doc Mellor longametraxe galega



🕒 26 / 9 » Coa presenza da directora

Sección Oficial Panorama Galicia

📍 Teatro Principal

🕒 Domingo 27 / 9 » 17.00 h

🕒 Mércores 30 / 9 » 22.00 h



Alén dos silencios

CARMEN P. GRANXEIRO / España / 2025 / Documental / 86 min

Os primeiros meses de vida da miña avoa adquiren unha relevancia da que nunca foi plenamente consciente. A miña avoa entra na cadea, cos seus pais, sendo un bebé de seis meses. Unha realidade silenciada pola guerra, a posguerra e os case 40 anos de ditadura emerxe para crebar os silencios. Que a memoria substitúa a Historia é perigoso. Que a Historia silencie as historias, tamén.

Directora Carmen P. Granxeiro

Guión Carmen P. Granxeiro

Intervenien Ana Real Castelo, Chus Navarro Otero, Charo López, Dolores Vieiro Núñez, Marieta Pérez Sanz, María Jesús Souto, Nuria López

🕒 27 / 9 » Coa presenza da directora

Sección Oficial Panorama Galicia

Estrea en Galicia

📍 Teatro Principal

🕒 Domingo 27 / 9 » 22.00 h

🕒 Xoves 1 / 10 » 17.00 h



A veces me entra tristeza, otras veces rebelión

MARÍA APARICIO / Arxentina-España / 2026 / Ficción / 100 min

A película narra a historia de Eva, unha arxentina de Córdoba que está de paso por Madrid. Os seus días transcorren en soidade, non coñece a ningún e non ten especial interese en coñecer xente nova. Pero unha tarde, no Museo Raíña Sofía, achégaselle un historiador arxentino que investiga as loitas obreiras no seu país. O encontro

propicia un achegamento íntimo e reflexivo entre ambos.

Dirección María Aparicio **Guión**
María Aparicio **Intérpretes** Eva
Blanco, Roger Koza

🕒 1 / 10 » Coa presenza da
directora e produtora

Sección Oficial Panorama Galicia

Estrea en Galicia

Teatro Principal

🕒 Luns 28 / 9 » 17.00 h

🕒 Xoves 1 / 10 » 22.00 h



Guerrillero

JOAN GAMERO / España / 2025-2026 / Documental / 92 min

En España chegou a haber na posguerra uns 6.000 guerrilleiros e 100.000 enlaces. Francisco Martínez, *El Quico*, é un das últimas testemuñas da resistencia armada en amplas zonas de León e Galicia ata 1952. Fixo 100 anos en outubro do 2025 e cóntanos a súa infancia republicana e a violencia do golpe de estado franquista en terras de O Bierzo, Ourense e La Cabrera.

Dirección Joan Gamero **Guión**
Joan Gamero **Intervención**
Francisco Martínez *El Quico*

2025 Bajío Documentary Film Festival Mellor Documental



2025 SamhainBaucogna Film Festival Mellor Documental



🕒 28 / 9 » Coa presenza do director

🕒 1 / 10 » Coa presenza do director

Sección Oficial Panorama Galicia

Estrea en España

📍 Teatro Principal

🕒 Luns 28 / 9 » 22.00 h

🕒 Venres 2 / 10 » 17.00 h



Walking Holiday

CIAN DESMOND, JACK DESMOND / Irlanda-España / 2026
/ Ficción / 70 min

O mozo irlandés Seán deixa o seu traballo en Irlanda para percorrer o Camiño de Santiago por un tema familiar. No seu traxecto por terras galegas toma un desvío e coñece a Ana, unha avoa galega. Malia non falaren a mesma linguaxe, empezan a camiñar xuntos apoiándose o un no outro.

Dirección Cian e Jack Desmond
Guión/Guion Cian Desmond
Intérpretes Elena Seijo, Amhlaoibh Mac Suibhne

🕒 2 / 10 » Coa presenza do director

Sección Oficial Panorama Galicia

Estrea mundial

Teatro Principal

🕒 Martes 29 / 9 » 17.00 h

🕒 Venres 2 / 10 » 22.00 h



A avó e o amor

RAÚL VEIGA / PORTUGAL / 2026 / Ficción / 97 min

Dous irmáns galegos na trintena, Mafalda e Diego, despois de moitos anos sen contacto coa avoa Pilar por desavinzas na familia, reciben como herdanza a casa rural en que ela moraba no norte de Portugal, xuntamente cunha condición sorprendente. Os irmáns múdanse para a casa e alí van encontrar o vencello co que significaba o amor da avoa. Deberán redescubrir quen son eles e o que queren facer.

Dirección Raúl Veiga **Guión** Raúl Veiga **Intérpretes** Francisca Sobrinho, Tiago Araújo, Xosé Barato, Antonio Capelo, João Cardoso, María Barcala, Artur Trillo, Isabel Vallejo, Elena Seijo

🕒 29 / 9 » Coa presenza do director

🕒 2 / 10 » Coa presenza do director



31 Ourense
Film Festival

Sección Oficial Curtametraxes

Sección Oficial Curtametraxes

Bloque 1



📍 Cineclub Padre Feijoo
🕒 Mércores 30 / 9 » 20.00 h

Prayer

SOFIA GEWEILER / Portugal
/ 2025 / Ficción / 14 min

Nun club de tecno de Lisboa, Abdul recibe a chamada da súa muller, Aliyah, que está de parto. Entre o traballo e o nacemento do seu fillo, teme perder o emprego e loita por ser pai a distancia mentres se enfronta ao seu estrito sogro.



Cremada

**ARIANNA GIMÉNEZ
BELTRÁN** / España / 2025 /
Ficción 14 min

É verán e todo o mundo desfruta das súas vacacións. Menos María. A aceptación dunha encarga laboral vaina conducir a unha espiral de calamidades que a levará a unha situación límite, namentres un sol abrasador lle queima as costas.

Sección Oficial Curtametrxaxes

Bloque 1

📍 Cineclube Padre Feijoo
🕒 Mércores 30 / 9 » 20.00 h



Orosi

MOHAMMAD HORMOZI /
Irán / 2026 / Ficción 15 min

Unha música iraniana que tenta cruzar a fronteira por terra é detida pola policía por unha prohibición de saída. As experiencias vividas durante a súa detención inspíranla para crear unha nova peza musical.



Chronique printanière de la famille d'un mort- vivant

LILI HIRIART / Bélxica / 2026
/ Ficción 15 min

Maia organiza unha comida familiar mentres o seu pai está ingresado no hospital e ela agarda saber se vivirá ou morrerá. O que comeza como un ritual para manter o fráxil vencello familiar acaba provocando que a unidade da familia se quebre.

Sección Oficial Curtametraxes

Bloque 1



📍 Cineclube Padre Feijoo
🕒 Mércores 30 / 9 » 20.00 h

Química SENIN PORTO / Galicia / 2025 / Ficción / 7 min

Laura e Pablo son unha parella consolidada que afronta o complexo proceso de adopción. Pero a chegada da asistente social e as súas incómodas preguntas poñerán a proba a relación e todo aquilo que crían ter ben asentado.




The mine SHIJUN LIU / China / 2025 / Ficción / 14 min

Nunha aldea mineira de Xuzhou, un neno desaparece nun pozo abandonado. O sacerdote taoísta Ma Fugui atópao mediante un ritual de auga. Após o rescate, novos pozos desatan a cobiza e Ma rexeita bendicilos, sendo ignorado polo pobo.

Sección Oficial Curtametraxes

Bloque 2



📍 Cineclube Padre Feijoo

🕒 Xoves 1 / 10 » 20.00 h


El relevo

**BÁRBARA FERNÁNDEZ,
DAVID MENDIZÁBAL**

/ España / 2026 / Ficción

/ 14 min

Un mozo sen papeis vaga pola noite sen atopar traballo. Tras presenciar un atropelo, apodérase da bici, a mochila e o móbil dun repartidor inconsciente. Coa nova identidade roubada, traballa con medo ata que sofre o mesmo destino, perpetuando o ciclo.



La culpa de Caín

ARTURO LÓPEZ RODAS

/ El Salvador / 2026 / Ficción

/ 13 min

Luís non fala co seu irmán Pepe desde hai oito anos por asuntos pendentes de cando eran socios. Ao saber que sufriu un derrame cerebral, decídeo visitar na que pode ser a súa derradeira oportunidade, pero a culpa impídelle afrontar a dor causada.

Sección Oficial Curtametrxaxes

Bloque 2




📍 Cineclube Padre Feijoo

🕒 Xoves 1 / 10 » 20.00 h

Vital

AMIR ZARGARA / Canadá
/ 2025 / Ficción / 15 min

En Irán, Fereshteh loita por salvar a súa filla enferma e considera vender os seus propios órganos. Nos Estados Unidos, o doutor Yazdani afronta un dilema ético debido ao transplante que precisa a súa filla. A curta amósanos o custo humano implícito no tráfico de órganos.



Dreieck

SALADIN DELLERS, KIM CULETTO / Suíza / 2026
/ Ficción / 14 min

Un triángulo amoroso desequilíbrase cando dous homes loitan polo dominio da narrativa e por un cepillo de dentes. Unha comedia satírica sobre o poliamor, a masculinidade e a necesidade de controlar a propia historia.

Sección Oficial Curtametraxes

Bloque 2




📍 Cineclube Padre Feijoo

🕒 Xoves 1 / 10 » 20.00 h

Baja la marea **ÓSCAR VILLARROYA /**

Galicia / 2026 / Ficción / 15 min

Tras unha *rave* nunha fraga galega, Alba esperta nunha igrexa sen lembranzas. Coa súa amiga Noa tenta descubrir que pasou. A medida que xorde a verdade, Noa terá que cuestionar os límites da amizade, a sororidade e a súa propia integridade.




Minuto 91 **ADAM YADLOVSKIY /**

España / 2026 / Ficción
/ 10 min

Mateo é un porteiro que quere ser actor. Nun adestramento decisivo para fichar polo Sevilla, a presión desbórdao e xoga mal. Nunha cea familiar, confesaralle ao seu pai que non quere xogar ao fútbol e que a súa paixón é a actuación.

Sección Oficial Curtametrxaxes

Bloque 3




📍 Cineclube Padre Feijoo

🕒 Venres 2 / 10 » 20.00 h

Polígono X

NÉSTOR LÓPEZ / España
/ 2025 / Ficción / 14 min

Canchas de fútbol de barrio. 5 contra 5. Rana e o seu equipo séntense humillados polos brasileiros do barrio do lado. Hoxe farán o que sexa necesario diante de Alba, a ex de Rana, para non perder e expulsalos do seu barrio.



Trophäe

BENJAMIN HUJAWA /
Alemaña / 2026 / Ficción
/ 12 min

O último día de verán e unha excursión ao río marcan a fin da masculinidade idealizada. Tras cachalo masturbándose, Guido decide ensinarlle ao seu fillo Max o que significa ser un home, pero o mozo loita contra os seus valores.

Sección Oficial Curtametraxes

Bloque 3




📍 Cineclube Padre Feijoo

🕒 Venres 2 / 10 » 20.00 h

Norheimsund

ANA ALPIZAR / Cuba / 2025
/ Ficción / 12 min

O namoro a distancia dunha moza cun home noruegués máis vello promete sacala a ela e mais a súa nai da súa austera vida en Cuba, pero os seus soños abanean cando se dá de conta de que el non é tan ideal como parece.



Samba infinito

LEONARDO MARTINELLI /
Brasil / 2025 / Ficción / 15 min


Durante o Entroido de Río, un varredor loita contra a dor pola perda da súa irmá namentres cumpre coas súas obrigas laborais. No medio das celebracións da cidade, atopa un neno perdido e decide axudalo.

Sección Oficial Curtametraxes

Bloque 3

📍 Cineclube Padre Feijoo

🕒 Venres 2 / 10 » 20.00 h




No son sus ojos VARO LÓPEZ, ALEJANDRO GUISADO GONZÁLEZ /

Galicia / 2026

/ Ficción / 12 min

España, 1937. En plena Guerra Civil, Helena convive coa súa nai e mais o seu irmán Bruno, irrecoñecible e vendado tras volver da fronte. A súa presenza esperta inquietude, lembranzas difusas e realidades que se esvaecen entre as sombras.



Consolatio

PEDRO M. AFONSO /

Portugal / 2026 / Ficción

/ 15 min

A vida dun ancián acaba en Paliativos xunto a María, unha enfermeira estoica ante a morte. Cando a súa nai enferma de súpeto, María busca consolo coidando dos moribundos sen nome da Unidade, namentres deixa a súa nai soa.



31 Ourense
Film Festival

Inédito

Inédito

Estrea en España

📍 **Galicine** / Sala 7

🕒 Luns 28 / 9 » 17.00 h

🕒 Mércores 30 / 9 » 19.30 h



Napoli New York

GABRIELE SALVATORES / Italia / 2024 / Ficción / 122 min

Década de 1940. Entre as ruínas de Nápoles, os mozos Carmine e Celestina loitan por sobrevivir axudándose mutuamente. Unha noite métense a escuso nun barco con destino a Nova York para ir vivir coa irmá de Celestina, que emigrou meses antes. Os nenos desembarcan nunha metrópole descoñecida que, despois de moitas probas e tribulacións, chegarán a chamar fogar.

Dirección Gabriele Salvatores

Guión Federico Fellini,

Tullio Pinelli **Intérpretes**

Pierfrancesco Favino, Dea Lanzaro, Antonio Guerra

Guión inédito Federico Fellini

Premio David di Donatello

David Giovani



Inédito

Estrea en Galicia

📍 **Galicine** / Sala 7

🕒 Luns 28 / 9 » 22.00 h

🕒 Xoves 1 / 10 » 19.30 h



La conspiración del cuervo

KASIA ADAMIK / Polonia / 2025 / Ficción / 101 min

Varsovia, Polonia – 13 de decembro de 1981 –
Imponse a lei marcial cando a Dra. Andrews chega a Varsovia por invitación da Universidade. Mais, mentres o caos se apodera da cidade, Andrews, armada coa súa cámara, presencia un brutal asasinato a mans da policía secreta.

Dirección Kasia Adamik **Guión**
Sandra Buchta, Kasia Adamik
Intérpretes Lesley Manville,
Zofia Wichlacz, Tom Burke

Inédito

Estrea en Galicia

📍 **Galicine** / Sala 7

🕒 Martes 29 / 9 » 19.30 h

🕒 Xoves 1 / 10 » 22.00 h



The Man I Love

IRA SACHS / Estados Unidos / 2026 / Ficción / 95 min

Na vibrante Nova York de finais dos anos 80, Jimmy George (Rami Malik), un recoñecido artista da escena *underground*, atravesa un momento decisivo da súa vida no que, malia todo, a beleza e o amor aínda son posibles.

Dirección Ira Sachs **Guión** Ira Sachs, Mauricio Zacharias
Intérpretes Rami Malek, Tom Sturridge, Rebecca Hall, Luther Ford

2026 Festival de Cannes
Candidata á Palma de Ouro



Inédito

📍 **Galicine** / Sala 7

🕒 Martes 29 / 9 » 17.00 h

🕒 Venres 2 / 10 » 17.00 h



Día de caza

PEDRO AGUILERA / España / 2026 / Ficción / 90 min

Blanca, Rosa e Carmen son tres amigas que, tras moito tempo sen coincidiren, quedan con Diana, a sobriña moza de Rosa, para iren cazar coellos a un coto de caza que Blanca herdou do seu tío José. Entre risas, comparten os complicados momentos polos que están pasando. As conversas vanse avivando ata acabar enfrontándoseas.

Dirección Pedro Aguilera **Guión** Lola Mayo, Pedro Aguilera
Intérpretes Rossy De Palma, Carmen Machi, Blanca Portillo, Zoé Arnao

Inédito

Estrea en Galicia

📍 **Galicine** / Sala 7

🕒 Martes 29 / 9 » 22.00 h

🕒 Venres 2 / 10 » 19.30 h



Iron Boy

LOUIS CLICHY / Francia / 2026 / Animación / 90 min

Christophe, de 11 anos, tenta seguir os pasos do seu pai na granxa familiar. Pero todo cambia o día en que ten que usar un xustillo metálico por orde do médico, algo que o obriga a desatender as angueiras cotiás da granxa. Porén, iso vaille dar a Christophe a oportunidade de descubrir novas paixóns e amizades que o han marcar para sempre.

Dirección Louis Clichy **Guión** Louis Clichy, Franck Salomé
Intérpretes Gary Clichy, Rod Paradot, Dimitri Colas

2026 Festival de Cannes
Mención especial do xurado
(Un Certain Regard)



2026 Festival de Annecy
Premio especial do xurado,
Premio do público





31 Ourense
Film Festival

Agarimo



El crepúsculo de los dioses (Sunset Boulevard)

BILLY WILDER / Estados Unidos / 1950 / Ficción / 109 min

Joe Gillis, un guionista mozo en dificultades e acosado polos seus acredores, refúxiase por casualidade na mansión de Norma Desmond, unha antiga estrela do cine mudo que vive nun mundo á marxe da realidade, acompañada só polo seu fiel mordomo, Max. A partir dese momento, a actriz insiste en que Joe revise un guión que ela escribiu; un guión que marcará o seu regreso triunfal á pantalla.

Dirección Billy Wilder **Guión** Charles Brackett, Billy Wilder, D.M. Marshman Jr **Intérpretes** Gloria Swanson, William Holden, Erich von Stroheim, Buster Keaton

1951 Óscar Premio ao mellor guión



1951 Globos de Oro Premio á mellor película dramática / Premio á mellor dirección





El gran carnaval (Ace in the Hole)

BILLY WILDER / Estados Unidos / 1951 / Ficción / 111 min

Charles Tatum é un xornalista sen escrúpulos e sen fortuna por mor do seu alcoholismo que se ve obrigado a traballar para un pequeno xornal de Novo México. Cando un mineiro indio queda atrapado nun túnel, Tatum ve unha oportunidade para revivir a súa carreira xornalística. Confabulado co sheriff da cidade, converte o caso nun espectáculo mediático demorando o rescate todo o posible.

Dirección Billy Wilder **Guión**

Billy Wilder, Lesser Samuels, Walter Newman **Intérpretes** Kirk Douglas, Jan Sterling, Richard Benedict, Robert Arthur

1952 Oscar Nominación ao mellor guión





Testigo de cargo (Witness for the Prosecution)

BILLY WILDER / Estados Unidos / 1957 / Ficción / 114 min

Leonard Vole, un home novo e atractivo, é acusado de asasinar a Sra. French, unha rica anciá coa que tiña amizade. O suposto motivo do crime era a posibilidade de herdar os bens da finada. Malia as demoledoras probas na súa contra, Sir Wilfrid Roberts, un prestixioso avogado penalista londiniense, encárgase da súa defensa.

Dirección Billy Wilder **Guión** Billy Wilder, Harry Kurnitz, Agatha Christie **Intérpretes** Tyrone Power, Marlene Dietrich, Charles Laughton, Elsa Lanchester

1958 Óscar Nominación á mellor película



1958 Globos de Oro Nominación á mellor película dramática





Con faldas y a lo loco (**Some Like it Hot**)

BILLY WILDER / Estados Unidos / 1959 / Ficción / 120 min

Era da Prohibición (1920-1933). Joe e Jerry son dous músicos do montón que se ven obrigados a fuxir despois de presenciaren un tiroteo entre bandas. Incapaces de atopar traballo e perseguidos pola mafia, deciden vestirse de mulleres e tocar nunha orquestra exclusivamente feminina. Joe (Curtis), para conquistar a Sugar Kane (Monroe), a cantante do grupo, finxe ser un magnate impotente; entremetres,

a Jerry (Lemmon) faille as beiras un millonario que quere casar con el.

Dirección Billy Wilder **Guión** Billy Wilder, I.A.L Diamond, Robert Thoren **Intérpretes** Marilyn Monroe, Tony Curtis, Jack Lemmon

1960 Óscar Premio ao mellor deseño de vestuario en branco e negro



1960 Globos de Oro Premio á mellor película de comedia





El apartamento (The Apartment)

BILLY WILDER / Estados Unidos / 1960 / Ficción / 125 min

C.C. Baxter (Jack Lemmon) é un empregado modesto pero ambicioso dunha compañía de seguros de Manhattan. É solteiro e vive só nun apartamento discreto que lles presta ocasionalmente aos seus superiores para as súas citas. Espera que estes favores o axuden a ascender na empresa. Pero as cousas cambian cando se namora dunha ascensorista (Shirley MacLaine), que ten unha aventura cun dos xefes que

usa o seu apartamento (Fred MacMurray).

Dirección Billy Wilder **Guión** Billy Wilder, I.A.L Diamond
Intérpretes Jack Lemmon, Shirley MacLaine, Fred MacMurray

1961 Óscar Premio á mellor película



1961 Globos de Ouro Premio á mellor película de comedia





31 Ourense
Film Festival

Colleita



Onte á noite conquistei Tebas

GABRIEL AZORÍN / España-Portugal / Ficción / 112 min

Unha tarde fría, Antonio e Xota regresan da fronte cos seus amigos á procura dunhas antigas termas romanas. Hai algo misterioso nestas termas, coma se a auga influíse no estado de ánimo dos mozos, dándolles o valor de dicir cousas que nunca lle contaran a ninguén. A medida que o día se converte en noite, confesan os seus sentimentos e os seus temores de perder o seu mellor amigo.

Dirección Gabriel Azorín **Guión** Celso Giménez e Gabriel Azorín **Intérpretes** Santiago Mateus, Antonio Gouveia

2025 Festival de Venecia.
Giornate degli Autori Bisato d'Oro ao Mellor Guión é Fotografía. 🌿

2025 Seminci Sección Punto de Encuentro Premio Especial Fondos. 🌿

🕒 26 / 9 » Coa presenza do produtor



Así chegou a noite

ÁNGEL SANTOS / España / 2025 / Ficción / 120 min

Un escultor instala o seu taller nunha zona rural illada da costa galega. Co tempo apártase de todos, curta lazos con amigos e familia e empeza a imaxinar outra identidade, ata que un día o pasado volve alcanzalo. Cando unha antiga amante acuda ao seu encontro provocará a reflexión do escultor sobre o seu desexo de illamento e a necesidade dunha nova fuxida.

Dirección Ángel Santos **Guión** Ángel Santos, Pablo García Canga **Intérpretes** Denís Gómez, Violeta Gil, Miquel Ínsua

2025 Festival Internacional de Cine de Gijón Mellor director da Sección Oficial Albar





La silla

ÁNGEL DE LA CRUZ / España / 2026 / Ficción / 76 min

Un escritor mozo de novelas de misterio de éxito, casado cunha muller que lle quere e cun fillo, verá inesperadamente truncada a súa idílica vida. Un día, realizando unha pequena proba para unha das súas novelas, quedará atado accidentalmente a unha cadeira sen posibilidade de soltarse. Pouco e pouco, a situación vaise complicando de maneira imprevisible e deberá loitar

contra as circunstancias, en inferioridade de condicións, para salvar a súa vida e a dos seres que ama.

Dirección Ángel de la Cruz

Guión Ángel De la Cruz

Intérpretes Jaime Lorente, Christina Ochoa, Estíbaliz Veiga, Rodrigo Poison, Iñaki Urriza

🕒 2 / 10 » **Coa presenza do director**



31 Ourense
Film Festival

**Ciclo
Amal en ruta
Cine árabe**



The Time That Remains

ELIA SULEIMAN / Palestina-Francia / 2009 / Ficción / 109 min

Ao longo de catro episodios que abranguen desde o ano 1948 ata a actualidade, unha familia palestina vive entre a creación do Estado de Israel e a memoria herdada. O director Elia Suleiman mestura humor silandeiro, ironía e surrealismo para retratar os paradoxos cotiáns da vida baixo a ocupación. Fragmentos da súa propia historia familiar emerxen como testemuños íntimos.

Dirección Elia Suleiman **Guión** Elia Suleiman **Intérpretes** Elia Suleiman, Ali Suliman, Alex Bakri

2010 Festival de Granada,
Cines del Sur Premio do
Público e Mellor Director

**2009 Festival Internacional de
Cine de Mar del Plata** Premio
do Xurado ACCA e Mellor Director





This is Gaza

TOM BESLEY / Reino Unido / 2025 / Documental / 50 min.

O documental mergulla o espectador no corazón do conflito do 2023 entre Israel e Hamas a través dos ollos de Yousef, un xornalista palestino cuxa vida en Gaza cambia. O filme comeza cunha conmovedora ollada á vida de Yousef no campo de refuxiados de Jabalia. Esta existencia idílica faise anacos sen aviso cando se declara a guerra. Yousef e a súa familia vense obrigados a fuxir.

Dirección Tom Besley **Guión**
/ Guion Tom Besley, Yousef
Hammash **Intervención** Yousef
Hammash



Janin, Jenin

MOHAMMED BAKRI / Palestina / 2024 / Documental / 60 min

Neste novo documental, o director Mohammed Bakri regresa ao campo de refuxiados de Jenin máis de dúas décadas despois da súa obra anterior, *Jenin, Jenin* (2002). Na nova peza, filmada tras a ofensiva militar israelí do ano 2023, entrevista de novo a quen aparecera no documental orixinal de 2002 e recolle novos testemuños directos sobre a ocupación, a destrución e

a tenaz resistencia do pobo palestino.

Dirección Mohammed Bakri

Guión Mohammed Bakri

Intervenien Nabil El Khatib,
Qassim El Khatib, Ahmed El
Karawi



Notes on Displacement

KHALED JARRAR / 2022 / Palestina-Alemaña-Qatar

/ Documental / 80 min

Nunha viaxe a través da ruta dos Balcáns, o director Khaled Jarrar segue a unha anciá palestina desde Damasco ata Europa no que supón o seu segundo desprazamento. Camiñando ao par de Nadira e mais a súa familia cara a unha utópica liberdade, Jarrar pregúntase polo significado do fogar, a pertenza e a identidade, mentres os recordos da súa infancia volven á vida.

Dirección Khaled Jarrar **Guión**

Khaled Jarrar, Iris Pakulla

Yasmin Zaher **Interveñen**

Nadira Abud, Mona Abozame

2023 DOXA Documentary Film

Festival Mellor longametraxe documental





The Encampments

KEI PRITSKER, MICHAEL T. WORKMAN / Estados Unidos-
Palestina / 2025 / Documental / 83 min

Este documental narra as protestas solidarias con Palestina iniciadas no 2024 na Columbia University e replicadas a nivel global. Os estudantes erixiron campamentos reclamando que as súas universidades deixasen de investir en empresas vinculadas a Israel. O filme ofrece imaxes descarnadas da represión policial, das expulsións e dos diálogos tensos entre activistas e Goberno.

Dirección Kei Pritsker, Michael T. Workman **Guión** Michael T. Workman, Kei Pritsker
Intervenien Donald Trump, Sueda Polat, Mahmoud Khalil, Grant Miner, Naye Idriss

2025 CPH:DOX Mención Especial no Human Rights Award (Kei Pritsker & Michael T. Workman)





31 Ourense
Film Festival

Fóra de serie



Las hijas de la criada

MENNA FITÉ, ALEJO FLAH / España / 2025 / Ficción

Galicia, 1900. No pazo de Espírito Santo nacen dúas nenas o mesmo día. Un segredo e unha vinganza han cruzar os seus destinos para sempre.

Dirección Menna Fité, Alejo Flah **Guión** Irene C. Rodríguez, Alba Lucio, Tatiana Rodríguez **Intérpretes** Verónica Sánchez, Carlota Baró, Alain Hernández, Martina Cariddi, Judith Fernández



Clínica Miranda

SIMÓN CASAL DE MIGUEL / Galicia / 2026 / Ficción

Nunha clínica galega dos anos 50, Claudio e Mario, fillo e futuro xenro de Demetrio Miranda, fundador da clínica, loitan polo poder. Nese mundo de homes, Beatriz, filla de Demetrio e prometida de Mario, e Consuelo, enfermeira, loitan por atopar o seu lugar e decidir o seu destino.

Dirección Simón Casal de Miguel **Guión** Fernando Tato, Ángela Andrada, Manuel Alberto Guntín, Iria Sobrado
Intérpretes David Vilares, Nacho Nugo, Sara Ferro, Grial Montes, Luís Iglesia.



Los Guardianes del Diente Mágico

animación por computadora de los guardianes del diente mágico

escrito por MICHAEL JACOBSON MICHAEL JACOBSON MICHAEL JACOBSON MICHAEL JACOBSON MICHAEL JACOBSON MICHAEL JACOBSON MICHAEL JACOBSON MICHAEL JACOBSON MICHAEL JACOBSON MICHAEL JACOBSON

animación por computadora de los guardianes del diente mágico

escrito por MICHAEL JACOBSON MICHAEL JACOBSON MICHAEL JACOBSON MICHAEL JACOBSON MICHAEL JACOBSON MICHAEL JACOBSON MICHAEL JACOBSON MICHAEL JACOBSON MICHAEL JACOBSON MICHAEL JACOBSON

animación por computadora de los guardianes del diente mágico

© 2025 TM VENEZUELA



31 Ourense
Film Festival

**Made
in OU**



Todo pode esperar

BORJA CASAL / Galicia / 2026 / Documentary / 87 min

César Morán é un profesor de Lingua xubilado que hai 50 anos intentou facer carreira como cantautor. A vida non lle permitiu facelo. Non puido vivir da música, pero conseguiu algo máis importante: vivir sempre preto dela. Agora, con 70 anos, vai gravar o seu primeiro disco con músicas e letras propias.

Dirección Borja Casal **Guión**

Borja Casal, Diego Guerrero

Interven César Morán

Bloque 1

📍 Cineclub Padre Feijoo
🕒 **Mércores 30 / 9 » 17.00 h**



ÁLVAREZ LÓPEZ / Galicia
/ 2026 / Documental / 15 min

Gravo co móbil como o lume
transforma Manzaneda. Unha
ollada íntima en primeira
persoa sobre o avance do
incendio e a perda da paisaxe.



ASER ÁLVAREZ / Galicia /
2025 / Documental / 30 min

Méndez Ferrín e Aser Álvarez
encontranse nesta peza
sobre a vida do escritor, a
«raia seca» e o territorio
mítico de *Arraianos*.



SABELA RODRÍGUEZ /
Galicia / 2026 / Documental
/ 31 min

Mulleres en Parada de Sil
amosa a realidade das veciñas
do concello; un retrato humano
que pon en valor a memoria e a
igualdade real.

Sección Made in OU

Bloque 2

📍 Cineclube Padre Feijoo


🕒 Xoves 1 / 10 » 17.00 h



O felo

SUSO COSTA / Galicia /
2026 / Ficción / 35 min

Charlie aluga unha casa en Galicia para pintar. Unha desconcertante carauta do Felo fará que o seu retiro se torne nunha angustiada experiencia.



El silencio de Allen Robert Angelo

MARZO LOZANO RAMÍREZ

/ Galicia / 2026 / Documental
/ 27 min

Retrato documental da vida sinxela de Allen Robert Angelo nas montañas galegas: a súa conexión cos animais e o respecto polo silencio.



As maos da pulpeira

SILVIA CACHAFEIRO /
Galicia / 2025 / Ficción / 14 min


Galicia, anos 50. Na romaría, a polpeira Concha afronta un problema mentres traballa. A axuda das compañeiras evitará que se volva repetir.

Sección Made in OU

Bloque 3

📍 Cineclube Padre Feijoo

🕒 Venres 2 / 10 » 17.00 h



Dopamina zero

RODRIGO MARINI / Galicia /

2026 / Ficción / 19 min

Ignacio é un músico con párkinson temperán que vive coa súa moza Sofía. A súa vida cambia ao coñecer a Valentina, dependente dunha tenda de discos.



Robó y ganó

ALDÁN MICHINEL / Galicia /

2026 / Ficción / 6 min

Un grupo de ladróns entra na casa dunha vidente para roubarlle as xoias. O golpe sinxelo lévaos a unha situación que ningún previra.



Dos Gardenias

JUAN REGO / Galicia / 2026 /

Ficción / 17 min

Dúas encantadoras anciás chamadas Gardenia recrutan un grupo de matóns perralleiros para loitaren contra un perigoso cártel dirixido polo Martillo.



31 Ourense
Film Festival

Premios

Filme homenaxe Calpurnia de Honra

📍 **Galicine** / Sala 6

🕒 **Sábado 26 / 9 » 17.00 h**



La hija

MANUEL MARTÍN CUENCA / España / 2021 / Thriller / 122 min

Irene, de quinze anos, vive nun centro para menores infractores e queda embarazada. Javier, un dos educadores, ofrécelle vivir con el e mais a súa muller Adela nunha casa illada da serra a cambio de entregarlles o bebé. Pero o vencello que Irene comeza a sentir coa criatura pon en perigo o pacto.

Dirección Manuel Martín Cuenca **Guión** Martín Cuenca, Alejandro Hernández **Intérpretes** Javier Gutiérrez, Patricia López Arnaiz, Irene Virgüez

2022 Premios Carmen da Academia de Cine de Andalucía
Mellor película, dirección e guión



2021 Premios Goya Nomeada a mellor director e mellor actor (Javier Gutiérrez)



🗣️ **Coloquio con Javier Gutiérrez**

Filme homenaxe Premio Especial OUFF

📍 **Galicine** / Sala 7

🕒 Xoves 1 / 10 » 17.00 h



Me cuesta hablar de mí

CHEMA DE LA PEÑA / España / 2024 / Documental 70 min

Retrato íntimo e apaixonante de Charo López, unha das grandes iconas do cine e teatro en España. Unha viaxe pola súa traxectoria e vida persoal a través do seu propio testemuño e do de amigos e compañeiros de profesión.

Dirección Chema de la Peña

Guión / Guion Chema de la

Peña **Intérpretes** Charo López, Gonzalo Suárez, Eusebio Poncela, Javier Gurruchaga, Pedro Olea



31 Ourense
Film Festival

Outras actividades



Volver sin volver

LUCÍA GALINDO CASAL / España / 2026 / Documental / 7 min

Volver sin volver explora como cambian as lembranzas da infancia co paso do tempo e utiliza a intelixencia artificial para representar visualmente esas memorias, xerando un diálogo entre a identidade, o xogo e o esquecemento.

Dirección Lucía Galindo Casal
Guión Lucía Galindo Casal
Interveñen Alumnos da Universidad de la Experiencia (UPSA)

Outras actividades

📍 Centro Cultural
Marcos Valcárcel

🕒 Sábado 3 / 10 » 12.00 h



Tres mujeres, un camino

ANTONIO ALONSO / España / 2025 / Documental / 30 min

O documental *Tres mujeres, un camino* explora o significado do éxito feminino a través das historias de Benedicta Sánchez (actriz), Marisol Soengas (científica) e Laura Barceló (boxeadora). Desde o cine, a ciencia e o deporte, estas tres xeracións comparten determinación e resiliencia para se abriren paso, ofrecendo un retrato íntimo sobre a vocación e o triunfo.

Dirección Antonio Alonso **Guión**
Antonio Alonso **Intervención**
Benedicta Sánchez, Marisol
Soengas, Laura Barceló

2025 Madonie Film Festival
Mellor documental / *Mejor documental*



2025 Couch Film Festival 2025
Premio mellor documental /
Premio mejor documental





Los guardianes del diente mágico

MICHAEL JOHNSON / Estados Unidos / 2025 / Animación
/ 88 min

Van, un fada dos dentes mociño con espírito rebelde, soña con descubrir que hai máis alá da súa civilización illada. O seu mundo cambia cando coñece a Rupee, o trol máis adorable, e a Gemma, unha goblin apaixonada pola ciencia. Xuntos emprenden unha misión épica para unir os seus reinos máxicos divididos. A Raíña Araña e os seus secuaces intentarán detelos custe o que custar.

Dirección Michael Johnson

Guión Jeffrey Giles, Michael Lurie, Richard Dane Scott

Intérpretes (Voces) Larkin Bell, Booboo Stewart, Paty Lombard, Vivica A. Fox, Mary Deaton



FESTIVAL DE CANNES
UN CERTAIN REGARD
SINCE 1975 (ANNÉE 1975)

ANJECY

2020

PREMIO DEL JURADO
PREMIO DE PÚBLICO
PREMIO GAN FOUNDATION



SSIFF

Consejo Orsmella
FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN
1948-1950

Iron Boy

UN FILM DE LOUIS CLICHY



20
DE NOVIEMBRE
ESTRENO EN CINES

KARMA

Organiza

Iuarada
Asociación Cultural

Financian



**GALICIA
CALIDADE**



Patrocinan



//ABANCA

GADIS



Media partner



La Región

Vehículo oficial



Colaboradores



ADOLFODOMINGUEZ

ROBERTO VERINO



Máis información